



As frases feitas



Contoume un chiste de **partirse de risa**.

Rompín a cabeza para acertar coa solución.

Unha **frase feita** é un conxunto de palabras que ten un significado figurado que non coincide co sentido literal das mesmas.

6 Relaciona cada frase feita co seu significado:

- | | |
|-------------------|----------------------|
| Vir ao rego. | Molestar. |
| Meter o zoco. | Ser brusco no trato. |
| Caer da burra. | Equivocarse. |
| Ser coma un toxo. | Decatarse de algo. |
| Dar a lata. | Entrar en razón. |

7 Completa as seguintes frases feitas coas palabras do recadro:

- | | |
|---------------------------|--------------------------------|
| É ... coma un touro. | Está ... a min coma unha lapa. |
| Está ... coma unha cabra. | Quedou ... coma un peto. |
| Está ... coma unha toupa. | Chegou ... coma un pito. |

- | |
|---------|
| forte |
| calado |
| tola |
| cego |
| pegado |
| mollado |

8 Enlaza as frases feitas que sexan sinónimas:

- | | |
|----------------------|---------------------------|
| Outra vaca no millo. | Botar chispas. |
| Andar na verza. | Outro que tal baila. |
| Cachar nas patacas. | Estar nunha nube. |
| Botar fume. | Coller coas mans na masa. |

USO O DICCIONARIO

1 Consulta nun dicionario as palabras subliñadas e busca o significado das seguintes frases feitas:

caer redondo caer ben caer a baba caer a cara de vergonza